

ESPAÑA NO SÉCULO XIX

1801

1900

Durante a segunda metade do século XIX a historia de España no mundo semellaba un caleidoscopio de posibilidades; algunhas rematarían trazando o camiño da posterior realidade histórica e outras quedarían frustradas, aínda que algunhas aportarían a súa herdanza a máis longo prazo. En calquera caso, as décadas de 1850, 1860, 1870 e 1880 estiveron cheas de acontecementos, e mesmo de iniciativas atrevidas (...). Todo estaba aínda aberto e era posible discutir os modelos político-sociais desexables para España, (...) había unha pluralidade de voces con relativa capacidade para facerse oír. Esa mesma diversidade, sentida como algo ameazante polos sectores máis conservadores do país, fixo que estes impulsaran un proxecto de orde, no que a dirección desde arriba suplise a potencial participación política da cidadanía. A lei de sufraxio universal (masculino), aprobada en 1890, quedou entón adulterada en España polo sofisticado aparello clientelar e caciquil da Restauración.

Pero, antes de que o século pechara coa famosa crise do 98, moitas Españas foran posibles. Para liberais e progresistas, demócratas e republicanos houbo mesmo ocasión de tocar poder e poñer en práctica medidas que afondasen na inicial revolución constitucional gaditana. Así, avanzar na separación entre Estado e Igrexa, desenvolver a liberalización dos recursos económicos, formular a posibilidade dunha descentralización administrativa ou abrir portas ao recoñecemento dos dereitos dos traballadores serían opcións políticas que terían unha posibilidade real de ser e de converterse en políticas públicas neste tempo histórico, xerando, iso si, todas elas conflito e contestación por parte dos poderes tradicionais.

María Sierra "Las Españas posibles" en **NÚÑEZ SEIXAS, X. M.** *Historia mundial de España* (2018)